Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# REVISTA ESCOLAR

## Nº 38 XUÑO 2019

# ESTACIÓN VELLA

Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura

Membro Escola Asociada UNESCO

C.E.P. CAMPOLONGO

Bibliotecas escolares de Galicia






ANTONIO FERRER MOREIRA
ISABEL GARCÍA TOBÍO
MARÍA OLGA MARTÍNEZ MOLDES
Mª GLORIA MARTÍNEZ MARIÑO
JOSÉ MANUEL CARRAL FERRADÁS
JOSÉ MANUEL SÁNCHEZ MOURE
FERNANDO GONZÁLEZ GARCÍA
SIRA SANTIAGO ÁLVAREZ
MILAGROS GÓMEZ LAMELA
Mª LUISA TABOADA RIVADULLA
CEP CAMPOLONGO
PONTEVEDRA
2018 - 2019
JOSÉ ÁNGEL ABRALDES LORENZO
EMMA BARRAGÁNS ACUÑA
UXÍA BARREIRO BARREIRO
NOA BÚA DUARTE
FREDDY CAMACHO BRENNA
ÁLVARO CAMPOS PORTELA
NURIA CANOSA CERDEIRAS
ALBA CARRAMAL FERNÁNDEZ
ALEJANDRA CARUNCHO RODRÍGUEZ
FIZ CASTRO OTERO
JOAQUÍN CENTENO ANTAS
VERÓNICA CEREZAL PACHO
AUGUSTO CHEREGUINI ORTIGUEIRA
LAURA COLADAS FERNÁNDEZ
LOLA CONDE PÉREZ
JUAN DACOSTA MASENLLE
NATALIA DOMÍNGUEZ PORTELA
IAGO FERRÍN SUEIRO
MARTÍN GHIANI PÉREZ
PABLO MURADAS SANTA MARÍA
HASNA PAMPÍN CAMINO
CRISTINA SOLLA VILLANUEVA
LUCAS YÁÑEZ GULÍN
MANEL ABOY RACHETTO
MATEO AMOEDO SUEIRO
JULIETA AQUINO FAJARDO
PAULA AYUBE TEVE
SAÚL FERNÁNDEZ ARAÚJO
JACOBO GONZÁLEZ GUERRERO
ALBA IGLESIAS CARBALLEIRA
ALEJANDRO LADRÓN DE GUEVARA ÁLVAREZ
HÉCTOR LORENZO PONCELA
ENRIQUE LUNA BASHKATOVA
NICOLÁS MÍGUEZ CASTILLO
C.E.P.
CAMPOLONGO
PONTEVEDRA
AMINA NAJID ELKASDI
CARMEN DEL MAR NAVEIRO ÁLVAREZ
GUILLERMO NÚÑEZ BARROS
ALDARA ORTEGO PORTA
ANDRÉ ORTEGO PORTA
ZAIRA OSORIO ARCA
NICOLÁS QUIÑONES SUÁREZ
PABLO RODIÑO FUENTES
BRAIS RUIBAL ALVARIÑO
SOFÍA SÁNCHEZ RECAMÁN
PILAR SANTIAGO FERREIRA
ANA TRABAZO TORRES
IRENE VILARIÑO TRUJILLO
VIVIANA VILLAVERDE RESURECCIÓN
HUGO AMEAL VILLAVERDE
MARTA DE LA TORRE ROMERO
LUCAS DEVESA PARCERO
CARLOTA DOMÍNGUEZ BARROS
IVÁN FERNÁNDEZ RECUNA
DIEGO FERRERO FERNÁNDEZ
ROI GÓMEZ GARCÍA
REBECA GONZÁLEZ LORENZO
UXÍA LORENZO ARES
ÁNGEL DAVID MARTÍNEZ LÓPEZ
MATEO PARRA TORRES
AITANA PARRADO SANTÍN
JOSÉ LUIS PENIDE MARTÍNEZ
6º PRIMARIA
SERGIO PEÓN VÁZQUEZ
MARTÍN PÉREZ FREIRE
ÁLVARO PÉREZ GUERRA
CARLA PICHEL GARCÍA
PAULA RODRÍGUEZ FIGUEROA
LÍA ROMERO BALEIRÓN
IVANA ARACELI SALOMÓN GARRIDO
MARTA SAN MARTÍN TOBÍO
INÉS SANROMÁN FOLGAR
JIMENA SIABA CRESPO
JAVIER SIXTO VILAS
MANUEL VICENTE SANTIAGO
NICUSOR-LEONARD ZAMFIR
ELÍAS BUDIÑO RODRÍGUEZ
LAURA CARBALLA RODRÍGUEZ
SARA CARBALLO MUÑIZ
ANTÍA CASAS MORQUECHO
RAÚL CIVES MÉNDEZ
SOFÍA DE LA TORRE ROMERO
RODRIGO FÉLIX CASAL
JOSE FERNÁNDEZ RECUNA
MATEO FERRERO FERNÁNDEZ
CATALINA FORTES VILLAVERDE
LAURA GARCÍA CORREDOIRA
LUCÍA GARCÍA RODRÍGUEZ
ÁLVARO GONZÁLEZ PAZOS
GAEL GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
LUCAS IÑARREA BARBA
ÁLVARO LÓPEZ LÓPEZ
ÁNGEL LOURIDO FERNÁNDEZ
MARCOS MAQUIEIRA SANTIÁÑEZ
DANIEL MÉNDEZ SOUTO
SABELA MÍGUEZ TORRES
MARTÍN NISTAL DALAMA
UXÍA POMAR FERNÁNDEZ
CARLOTA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ
ALDÁN RUBIDO TRIGO
ANTÍA SOBRAL FARIÑA
SARA TOBÍO PÉREZ
BENI FEIJÓO

# SUMARIO


| | |
|---|---|
| Índice ............ | 1 |
| As nosas marabillas ............ | 2-3 |
| Campaña "Gústame" ............ | 4-5 |
| Os nosos dereitos ............ | 6 |
| Desplastifícate ............ | 7 |
| Magosto ............ | 8-9 |
| Trompada ............ | 10-11 |
| ENIL para o Gafos ............ | 12 |
| Samaín ............ | 13 |
| Homenaxe a Xulio Verne ............ | 14 |
| Nadal ............ | 15 |
| DENEP ............ | 16-17 |
| Plantando árbores en Salcedo ............ | 18 |
| Adiviñas ............ | 19 |
| Carnés GALEFAS ............ | 20-21 |
| Entroido—"As grandes vodas" ............ | 22-23 |
| XVII Exposición da camelia ............ | 24-25 |
| Pontevedra ............ | 26-27 |
| Refráns de 3º e 4º ............ | 28-29 |
| Lendas ............ | 30-33 |
| O Maio ............ | 34-38 |
| Letras Galegas ............ | 39-40 |
| Poesía - "A fala" ............ | 41 |
| Linguas Indíxenas ............ | 42-43 |
| Teatro ............ | 44-45 |
| Palabras Milenarias ............ | 46 |
| Xadrez e Orientación ............ | 47-49 |
| Olladas de futuro ............ | 50 |
| Cadros Vivos ............ | 51 |
| Primeiros Auxilios ............ | 52-53 |
| Recuncho Literario ............ | 54-57 |
| Horto Vertical ............ | 58-59 |
| ANPA ............ | 60 |
| Haikus ............ | 61-66, 25 |
| Biblioteca ............ | 62-63 |
| XI Semana da música ............ | 64-65 |
| Excursión de 5º ............ | 67 |
| Retallos ............ | 68 |

# AS NOSAS MARABILLAS

Este ano @s nen@s de primeiro descubrimos as paisaxes naturais da nosa terra.

Nós e as titoras pedimos axuda ás familias para atopar "as nosas 7 marabillas".

Non iamos ser menos!



Do mesmo xeito que o Machu Pichu, Petra, o Cristo Redentor, a muralla China, o Taj Mahal, o Coliseo e Chichón Itza son impresionantes, nós atopamos lugares moi, moi bonitiños.

Comprobaredes que non fai falla viaxar tan lonxe para atopar lugares tan fermosos coma eses... ou máis, se cadra!

Non foi tarefa sinxela escoller tan poucas.

PORQUE... HAI TANTAS TANTAS!!!



# AS SETE MARABILLAS



Illas Cíes



Cañón do Sil



Praia das Catedrais



Fragas do Eume



Dunas de Corrubedo



Fervenza do Ézaro



Praia da Lanzada

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# "Gústame ... en galego"




GÚSTAME
CAVILAR
GÚSTAME
PENSAR...
GÚSTAME
Ver PELÍCULAS
GÚSTAME
LER
EN GALEGO
QUE OS MEUS AMIGOS FALEN EN GALEGO
VER OS DEBUXOS
EN GALEGO
GÚSTAME
SORRIR
EN GALEGO
que HOUBERA máis LIBROS DE CONSULTA
EN GALEGO
GÚSTAME
Que me falen de cando era pequeno
GÚSTAME
OS VIDEOXOGOS
GÚSTAME
FESTEXAR
EN GALEGO
GÚSTAME
VER DOCUMENTAIS DE ANIMAIS
EN GALEGO
programas de televisión
GÚSTAME
BLA BLA BLA ... CONTIGO
EN GALEGO
GÚSTAME
XOGAR A:
fútbol
tenis
brilé
agochados
EN GALEGO
GÚSTAME
FACER RECEITAS DE COCIÑA
EN GALEGO
GÚSTAME
XOGAR COS MEUS AMIGOS
GÚSTAME
CANTAR PANXOLIÑAS
EN GALEGO
GÚSTAME
Que o BO DÍA! sexa
EN GALEGO
GÚSTAME
IMAXINAR AVENTURAS
EN GALEGO
SOÑAR
EN GALEGO


OS NOSOS DEREITOS
Temos dereito á comprensión e amor por parte das familias e da sociedade.
Temos dereito á igualdade, sen distinción de raza, relixión ou nacionalidade
Temos dereito a ter un nome e unha nacionalidade
Sen protección sofres un montón


TEMOS DEREITO A...
Á XOGAR


TEMOS DEREITO A...
ALIMENTACIÓN


TEMOS DEREITO A...
ATENCIÓN MÉDICA.


Temos dereito á comprensión e amor por parte das familias e da sociedade.
ANA PAZ 4ºC


DESPLASTIFÍCATE
DESPLASTIFÍCATE
Non utilices palliñas de plástico dun so uso
REUTILIZAR
A miña idea é deixar de lado o papel alumínio e usar máis o taper.
Desplastifícate
Cambiar as bolsas de plástico polas de célula de patata
DESPLASTIFÍCATE
O meu compromiso é levar a merenda sen plástico todos os días.
DESPLASTIFICATE
LEVAR AS COUSAS NUNHA MOCHILA OU NUNHA BOLSA DE TEA
DESPLASTIFÍCATE
A miña aportación é que en vez de tomar xeados en tarrina (de plástico) os tomes en cucuruchos de galleta.
Paula 6ºC
Coidado medio ambiente
Leve consigo sempre unha bolsa, e se é de tela mellor
Reutilizar envases
QUE TODAS AS BOTELLAS SEXAN DE CRISTAL
DESPLASTIFICATE
Levar o noso recipiente para mercar comida preparada
DESPLASTIFÍCATE
- Non mercar froita en bandexas de plástico, mercar froita a granel
Si
Non
LEVA AS BOLSAS DA CASA CANDO VAIAS A MERCAR
RE CI CLA
PARA MELLORAR A PAISAXE ADÍCATE Á RECICLAXE
DESP
Beber do vaso e non usar palliñas.
DESPLASTIFÍCATE
NA PRAIA RECOLLE SEMPRE OS RESTOS DA TÚA MERENDA E OS XOGUETES TAMÉN!! LOGO ACABAN NO MAR DANDO A MARIÑA, FLORA E A FAUNA




Houbo que aprazar a festa una semana por mor da chuva pero finalmente os ogos e castañas fixeron que pasáramos un fabuloso Magosto. Acompañáronnos o alumnado da Escola Juan XXIII e algún  dos residentes da 3º Idade de Campolongo.

# TRABALLOS


O outono












O outono chegou,
tempo de castañas,
vamolas comer.
Abrense os ourizos
do chan imos coller.
Á pota van con
un pouquiño de anis
comemolas cocidas
e unha festa faremos.
O outono chegou
tempo de castañas
vamolas comer.
3ºA 4




2ºC


DARÍO ZACH BERNAD

UNESCO
Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura
Membro Escola Asociada UNESCO
Equipos de Dinamización da Lingua Galega
Bibliotecas escolares de Galicia
C.E.P. CAMPOLONGO






| CURSO | MASCULINO | FEMININO |
|---|---|---|
| 1º | 1º - Xavi – 1ºB | 1º) Alba – 1ºA |
| | 2º - Anxo 1ºC | 2º) Ángela – 1ºC |
| | 3º- Cibrán 1ºC | 3º) Lucía – 1ºC |
| 2º | 1º- Mauro -- 2ºC | 1º) Nora – 2ºB |
| | 2º) Tomás 2ºA | 2º) Candela – 2º B |
| | 3º) Pablo García - 2ºB | 3º) Lucía – 2ºC |
| 3º | 1º) Diego 3ºA | 1º) Cecilia – 3ºC |
| | 2º) Pablo Cordero | 2º) Claudia – 3ºB |
| | 3º) Guille – 3ºC | 3º) Violeta – 3ºA |
| 4º | 1º) Anxo – | 1º) Alicia – 4ºB |
| | 2º) Álvaro – 4ºA | 2º) Noelia – 4ºA |
| | 3º) 4ºC Pascual – 4ºC | 3º) Alicia – 4ºB |
| 5º | 1º) Miguel – 5ºC | 1º) Sabela – 5ºA |
| | 2º) Beltrán – 5ºB | 2º) Ana – 5ºA |
| | 3º) Pablo – 5ºB | 3º) Victoria – 5ºA |
| 6º | 1º) Martín 6ºD | 1º) Antía – 6ºD |
| | 2º) Aldán – 6ºD | 2º) Ana – 6ºB |
| | 3º) José – 6ºC | 3º) Marta – 6ºC |




| Curso | Ao mellor debuxo do trompo |
|---|---|
| 1º | Valeria (1ºB) – Catalina (1ºC) - |
| 2º | Sofía (2ºA) – Carla 2ºB – Pepe (2ºC) |
| 4º | Victoria Munaiz (4ºA) – Cris (4ºC) - |
| 5º | Ana, Carla, Sabela Baltar (5ºA) |
| 6º | Sofía (6ºB) |

**PREMIADOS**














Non contamos os trompos pero sabemos que este ano batimos o récord de nº de participantes na Trompada 2018. Calculamos que máis de 300 rapaces/as trouxeron este antigo enredo para desfrutar no **"Día de San Martiño cos trompos ó camiño".**


POLO SAN MARTIÑO
TROMPOS POLO CAMIÑO


TROMPADA
2018




TROMPADA
CEPCAMPOLONGO
2018

# ENIL PARA O GAFOS











ESTE ANO 2019 A XUNTA DECLARA O **RÍO GAFOS** COMO ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL (**ENIL),** O CUARTO QUE SE APROBA DE FORMA DEFINITIVA EN GALICIA

Co obxectivo de garantir que se cumpran os fins perseguidos coa obtención do recoñecemento como ENIL, o plan de conservación do Río Gafos inclúe a posta en marcha doutras medidas concretas, como a **eliminación de especies exóticas** invasoras; a **mellora do bosque de ribeira**; o **mantemento das marxes e dos reservorios para aves**; a adecuación da temporalidade dos traballos que se acometan na zona; a realización de estudos de fauna e flora; ou a sensibilización ambiental da poboación. .O Río Gafos convértese, deste xeito, no cuarto ENIL de Galicia, xunto Cos de **Xunqueira de Alba** (tamén no Concello de Pontevedra e declarado no ano 2012), **Loio-Ruxidoira** (no municipio lucense de Paradela e que obtivo a declaración definitiva como ENIL en 2013) e **Puzo do Lago** (declarado en 2014 e localizado en Maside, Ourense).


SAMAÍN

# En homenaxe a
# XULIO VERNE





Jules Gabriel Verne naceu en Nantes en 1828 e morreu en Amines en marzo de 1905. Realizou estudos de Leis en París. Máis adiante dedicouse a escribir libretos de óperas e obras de teatro para, posteriormente, dedicarse ás novelas de aventuras.




Viaje al centro de la tierra
(1864)



Cinco semanas en globo
(1863)




A volta alo mundo en 80 días
(1872)

Outras obras :

"Da terra á lúa" (1865)
"Ao redor da Luna"(1870)
"Os fillos do capitán Grant" (1868)
"O descubrimento da rra" (1870)
"A illa misteriosa" (1874),
" Hector Servadac" (1877)
"Un capitán de quince anos" (1878),
"As tribulacións dun chinés en chinesa" (1879)
" Miguel Strogoff "(1880)
"Escola de robinsones" (1882),
"A estrela do sur" (1884)



Vinte mil leguas de viaxe submarino
(1870)

# NADAL 2018










**A LUZ DO NADAL**

Os nenos camiñan
e xogan e brincan
na rúa calada
que cobren de risas.

E inventan trouleiros
palabras de neve
que borran as penas
que a terra non quere.

Cantigas e risas
veñen anunciar
que peta na porta
a luz do Nadal.

Un Nadal que amose
como vai a vida.
Un Nadal que cure
con paz as feridas.

Un Nadal
que abrigue.
Un Nadal
Turrón!
Un Nadal
que acougue
Un Nadal
Canción!

**Antonio Garcia Teijeiro**




**2018**

**SELECCIÓN DE TARXETAS NAVIDEÑAS**


≈ As cores de Tali ≈
Tiña unha caixa de lapis de cores, luminosas e vivas.
Tiña unha caixa de lapis de cores, cores quentes, cores moi frías
Non tiña vermello para debuxar as feridas ensanguentadas
Non tiña negro para debuxar a cor dos orfos.
Non tiña branco para debuxar a cara e as mans dos mortos.
Non tiña cor amarela para debuxar as areas acendidas
Mais, tiña unha cor laranxa para espremer a ledicia de vivir.
Tiña a verde para representar os gromos e os niños.
Tiña a azul para debuxar os ceos claros e límpidos.
Tiña a rosa para simbolizar os soños e a calma.
Entón, senteime,
e debuxei a
PAZ










Audrey Azoulay



YOGOTE

"Non haberá paz neste planeta namentres exista un só lugar onde se violen os dereitos humanos."

## A PAZ LINGÜÍSTICA È:





1- Para os GALEFAS termos cómics, xornais, videoxogos e películas en galego

2- Valorar cada unha das linguas do mundo e que ninguén se ría de nós por falar en galego

3- Que non me traduzan o bolo leite e podermos aprender matemáticas en galego

4- Que os bancos e comercios das cidades respondan ou dean as facturas en galego.

5º- Respectar a lingua de referencia oficial e que non pensen que son bruta por falar con seseo e gheada.

6º- Que as patacas do país sigan sendo do país e que as minutas dos restaurantes teñan o galego.

# ADIVIÑAS
# 1º CICLO

¿Cal é o animal que ten silla e non se pode sentar?

Teño un amigo de catro patas que vén comigo a gardar as vacas.

Nunha planta, outra planta, en todas chama a atención polas formas, polas cores e non é ningunha flor.

Teña barba e non son un home, teño cornos e non son un demo, dou leite e non son unha vaca ¿quen son?

Úsase para comer e non é prato nin culler.

NIN É CABALO NIN É BURRO
NIN É MELLOR NIN É PEOR
NIN É BRANCA NIN É NEGRA
NIN TAMPOUCO É DOUTRA COR.

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| c | e | b | r | a | i | g | ç | m | q | g | m |
| b | e | c | a | b | a | l | o | z | f | p | k |
| o | f | s | ç | p | b | o | f | g | m | n | e |
| c | n | s | c | r | w | n | ñ | t | b | r | y |
| a | c | a | n | a | p | k | x | w | o | c | a |
| m | x | x | ñ | a | b | e | s | t | l | l | n |
| q | y | g | u | a | r | u | f | c | b | f | b |
| ç | z | o | n | q | m | a | x | g | o | n | v |
| x | l | i | j | l | c | ç | ñ | a | r | r | l |
| k | y | i | s | k | o | z | ç | a | e | k | b |
| r | n | s | w | w | c | e | g | b | t | s | m |
| y | m | m | b | j | o | z | h | ç | a | b | c |

No alto crece no alto espreita no alto tece a tecedeira.



De moi afastados países vén esta doce delicia, por fóra, monstro peludo, por dentro, branco aloumiño.

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| f | u | j | p | n | o | r | l | h | u | ç | e |
| i | n | e | z | j | j | ñ | s | o | n | o | ç |
| d | d | g | r | d | f | s | f | r | e | s | a |
| g | a | t | a | c | f | r | m | b | ç | b | c |
| e | c | c | g | o | t | o | v | o | i | n | a |
| m | q | e | k | e | o | i | ç | d | n | s | x |
| b | i | p | o | l | m | o | r | c | e | g | o |
| i | k | x | é | l | d | e | l | t | s | f | w |
| g | z | x | v | o | k | m | e | n | b | q | ñ |
| o | v | ñ | ç | r | n | g | ó | m | f | r | m |
| m | c | l | q | q | g | q | n | ç | d | g | s |
| z | j | c | a | a | p | ç | x | s | b | k | u |

Cucurico non ten ollos, cu nin bico, e os fillos de cucurico teñen ollos, cu e bico

QUE ESCONDE O REY NA PANZA ?

Eu son vermella, gorda e pecosa e teño corazón e endulzo sempre a boca do que me dá un mordiscón.

Quen son??????????????

¿Que cousiña será, que ten orellas coma o gato, pes coma o gato, rabo coma o gato, ollos coma o gato e gato non é?

Teño unha longa melena son forte e moi veloz abro a boca moi grande e dou medo coa miña voz

Branco foi o meu nacemento, vermella a miña nenez, e agora que vou para vella, son máis negra cada vez.

Eu voo pola noite, durmo durante o día, e nunca verás as plumas nas miñas ás

ORELLAS LONGAS
RABO CORTIÑO
SALTO E CORRO
MOI LIXEIRIÑO

# Carnés GALEFAS



















**GOLFIÑO** (NIVEL 1). **Esfórzase** . "Falo galego de cando en vez cos meus compañeiros/as" .

Con este carné poderás :

- Participar nun sorteo con 2 números nos agasallos ó final de curso ou acadar un pequeno premio seguro ó final de curso.
- Como vas a mellorar a oralidade en galego seguramente subirás a nota nas materias que se dan en galego.

- Terás preferencia despois dos "Esquíos" e dos "Vagalumes" na selección de actividades organizadas polo EDNL

Obrigas: Esforzarse en falar en galego, tanto cos mestres/as que cos compañeiros/as, nas materias programadas nesta lingua (Galego, Música, Educación Física, Sociais e Naturais ... ).

**ESQUÍO** (NIVEL 2). **Adáptase** . "Falo galego cando outros/as o falan" .

Con este carné poderás :

- Participar nun sorteo con 5 números nos agasallos ó final de curso ou acadar un pequeno premio seguro.
- Como vas a mellorar a oralidade en galego subirás a nota nas materias que se dan en galego.
- Terás preferencia despois dos "Vagalumes" na selección de actividades organizadas polo EDNL
- Obrigas: Falar galego nas materias programadas en galego con todos/as e falar galego noutros espazos (patios do recreo, biblioteca, etc.) cando outros me falen en galego.

**VAGALUME** (NIVEL 3). **Axuda.** "Falo galego case sempre nas actividades escolares" .

Con este carné :

Terás premio seguro dos mellores agasallos no sorteo ó final de curso.

Como vas a mellorar a oralidade en galego subirás a nota nas materias que se dan en galego.

Terás preferencia na selección de actividades organizadas polo EDNL

Obrigas: Falar sempre en galego durante todas as actividades programadas nesta lingua, para axudar ós que aínda lles custa facelo,

**NOTAS:**

- A actividade é voluntaria . Comeza xa no inicio deste segundo trimestre (8/01/2019)
- Cada carné será validado como mínimo despois de 30 días de compromiso e entregaranse ó final de cada mes . Se algúen aínda non se esforzou o suficiente para acadar o nivel esixido prorrogarase a entrega unha ou varias semanas segundo o caso.
- Serán correlativos : para ter o de "Vagalume" primeiro hai que acadar os dous anteriores.
- A entrega do carné farase despois de falar cos mestres colaboradores da actividade e sempre de forma consensuada: música, educación física, titores.
- Os carnés están numerados para levar un control dos mesmos por parte do Coordinador do EDNL

Ver máis na Etiqueta GALEFAS (mascotas, entrega de premios ...)

# Galefas da escola



# Entroido - "As grandes vodas"


POÑERVOS GUAPOS QUE IMOS DE VODA!

NURIA CANOSA E ÁLVARO CAMPOS — ALDARA ORTEGO E JACOBO GONZÁLEZ — IVANA SALOMÓN E MATEO PARRA — ANTÍA SOBRAL E MATEO FERRERO

Témolo todo ...
os traxes, o restaurante, o fotógrafo, a música, o cura, os padriños...
Pero fáltanos o máis importante: **CONTAR CONVOSCO ESE DÍA!**
A festa terá lugar o venres de Entroido ás 12:00 no salón de actos do CEP de Campolongo.
**NON FALTEDES! PASARÉMOLO XENIAL!**



















*Pepe repepe,*
*camisa rachada,*
*foi á Coruña*
*lamber a pescada.*
*Lambeu e lambeu*
*e nunca se encheu.*
*Pepe repepe,*
*camisa cagada,*
*foi ó regueiro*
*e tróuxoa mexada.*

oración 2

**Oración**

*Xan Pirillán*
*dacabalo dun can;*
*o can era coxo,*
*tirouno nun pozo;*
*o pozo era frío,*
*tirouno nun río;*
*o río era branco,*
*tirouno nun campo;*
*o campo era roxo,*
*tirouno nun toxo;*
*o toxo picaba,*
*Xan Pirillán berraba*
*e o can escapaba.*

# HAIKUS



Nan vin a noite
tremer coa luz dos raios
so alumiar.



Río rumoroso
profundo e intenso
como o meu amor.



Vello continente
cheo de historias
e sabiduría.



A salba e branca
coma a neve,
cousa do inverno.



Este camiño
xa ninguén o percorre
soluo o crepúsculo

Era a hora,
despois de todo
xa era vello.



Un mundo sen paz.
Este mundo con guerra
perdemos todos.



Corre o río
e vai cheo de seixo
a buscar o mar.




A túa mirada
de ollos azuis
parecía perdida.



Pechar os ollos,
escoitar o silencio
que a herba asubía.



A Pontevedra
que nós queremos é
a de agora.



Firme no talo
aguantando o frío
unha folla seca.



Os paxaros calan,
as flores morren,
cae a noite



Un aspente
poema de flores
é un castro.




Cada sorriso
ten significado,
sobran palabras.

6º B

# XVII EXPOSICIÓN DA CAMELIA








A travesía da camel...

Érase unha vez unha serea
que chegou coa marea.
A serea era fermosa
coma se fora unha rosa.

Ela levaba un cofre
no que agochaba un gofre,
porque cando ule o chocolate,
o seu corazón late.

No cofre tamén tiña camelias,
que eran flores tempraneiras,
tiña os pétalos vermellos,
aínda que axiña moi vellos.

De Xapón ás Rías Baixas
viñeron aquelas plantas
e chegaron a brilar
xunto ao albariño e ao mar.





A camelia é unha flor
non o podes dubidar,
en inverno e primavera
brila no lugar.

A dereita e esquerda
mires cara adiante ou atrás,
as topas en todas partes,
son deste lugar?

As camelias son de fora
da China ou máis alá.
Rosas, brancas e vermellas
pero están neste lugar.

As rúas da miña vila
están cheas de cor
polas camelias prantadas
inda que chova a cachón.









SABES O QUE ESTOU A CELEBRAR ?
POR SUPOSTO... É A EXPOSICIÓN DA CAMELIA DO CEP. CAMPOLONGO !


Á camelia quizais lle pasou durante moito tempo o mesmo que a Cincenta ou a Blancanieves. Faláronnos delas tantas veces pola súa descomunal beleza que se esqueceron de contarnos as súas outras calidades. Quizais esas damas dos contos tamén fosen enormemente intelixentes. Quen sabe. O que está claro é que a camelia, máis aló da flor máis bela do mundo, ten moitas utilidades.
Tras anos de investigacións, en Galicia prodúcense coa camelia aceite que resulta mellor que o de oliva, cosméticos, té e ata nubes de gominola, vermú ou galletas.
Atril de lectura
2019
6º B
6º C
6º D




AS CAMELIAS DE XAPÓ
Hai unha serea
loira e fermosa
tombada na area
dunha praia preciosa.
Tiña como misión
traer camelias rosas
dende a illa de xapón
ata a Galicia nosa.
Cruzando o inmenso mar
atopou a flor desexada
a leticia fíxoa nadar
e chegar á terra buscada.




Instagram
CONCURSO DE FOTOGRAFÍA




Pesía é a luz das rúas.
Poesía é a aurora boreal
do meu espazo.
Verónica



Centro da cidade
Augusto

## Colexio de Campolongo



Trazar unha recta
simbolizando vida e
creando posibilidades infinitas.
Alba

## Illa das Esculturas



Nacer nunca foi
un malentendido.
Necesitas vivir!
Alejandra

## Rosetón de San Francisco



Rosetón
selo da nosa cidade.
Lola

## Instituto Sánchez Cantón



Trazar un rombo e mirar por el
creando oportunidades.
J. Angel

## O Concello



A cidade nunca acaba,
unha folla en branco
un chanzo que subir.
Fiz

## Casa das Campás



Pasear nesta cidade
é un xeito de aprendizaxe.
Pablo

## Os Soportais



O mundo é un mapa
coa ruta que desexas.
Martin

## Hotel Galicia Palace



Pontevedra
a cidade das palabras.
Nuria

## Museo de Pontevedra



A chuvia
namorada de Pontevedra.
Uxía

## Casa do Arco



O que máis me gusta da cidade:
Os sentimentos.
Laura

# Pontevedra

A Ferrería
Xardíns de Casto Sampedro



Os pés en Pontevedra
son un plano con ruta
integrada.

Noa

Praza da Pedreira



Desexo
volver ao pasado no que
o futuro mellora
por momentos.

Juan

Basílica de Santa María



O día remata
ábrese a noite
un chanzo segue...

Álvaro

Alameda



Pontevedra,
cidade do amor.

Emma

Praza da Verdura



Desexo
escribir un poema que
reflicte a nosa gran
cidade.

Cristina

Parque das Palmeiras



A cidade é un mapa
á escala que vivimos.

Alba

Praza da Leña



Se abrimos as ventás
xurden arcos da vella e bolboretas
como maxia no ceo.

Hasna

Praza dos músicos



Deixou o sol
alegrías esparcidas.
En min, un sorriso.

Freddy

Praza de Méndez Núñez



Navegar...
Para recordar que
Pontevedra é a protagonista.

Natalia

Ponte das Correntes



Deixou a marea
a praia sen area.
En min, esperanza.

Iago

Ponte do Burgo



Trazar o camiño e elixir na vida
creando liberdade.

Joaquín

Río dos Gafos



Ninguén está desorientado
nesa calma
cando o mar ondea.

Lucas

# Esta revolución de cor e poesía do alumnado de 6ºA mostra a súa visión da nova Pontevedra.

# Refráns de 3º




Ata o corenta de maio non quites o saio



Prefiro ser rabo de león que cabeza de rato.



Predícame, Pedro. Predícame Frade. Por unha orella me entra e pola outra me sal.

O sol de marzo mata a princesa no pazo.





Amiguiños sí, pero a vaquiña polo que vale.




O que garda sempre ten

Ou nas uñas ou nos pés imitará a quen es.





Gaivotas a terra, mariñeiros á merda

Nunca choveu que non escampara

Quen avisa non é traidor.





Para dicir mentiras e comer pescado hai que ter moito coidado.

# Refraneiro de 4º






# LENDAS DE 5º

1. A serpe mariña de San Cibrao
2. A morte do mouro
3. O petróglifo de Campolongo (16,17)
4. A cobra do castelo
5. A casa de medo de Lariño
6. San Andrés de Teixido
7. A cova do rei Centolo
8. Santa Trahamunda (58)
9. A casa encantada de Portocelo
10. A muller que rouba nenos
11. A maldición de San Martiño de Noia
12. O berce da Moura
13. A procesión das Xas
14. Benito Soto o pirata da Moureira
15. A Torre de Hércules
16. O Petróglifo de Campolongo (3,17)
17. O petróglifo de Campolongo (3,16)
18. Por qué Galicia ten rías?
19. As nove ondas da Lanzada
20. Coroa de Lume
21. Maruxaina (26)
22. A Santa Compaña
23. A fonte do buraco
24. A poza da Moura
25. A moura do Picato
26. Maruxaina (21)
27. Teucro (33)
28. A raíña loba
29. Nosa señora da Barca
30. O baño das nove ondas
31. A dama da Moladoira
32. A serea de Mogor
33. Teucro (27)
34. Santo Andrés de Teixido
35. A casa encantada que non se puido vender
36. A orixe das Rías Galegas
37. Illa de Ons
38. O burato do Inferno
39. Santa Trahamunda (8)
40. Pepa a loba
41. O coto do castelo (48)
42. O lobishome
43. San Bartolomé e o Demo
44. Demo Asubiador
45. O lago de Doniña
46. Os grans de trigo (51,59))
47. A moura do castelo de Meira
48. O coto do castelo (41)
49. A Sabeliña
50. O Unicornio
51. Grans de trigo (46)
52. A Raíña Loba
53. A Santa Compaña
54. O paisano e o médico
55. O Unicornio
56. A serea de Mogor
57. A pena da Moura de San Xulián de Toc
58. Santa Trahamunda (8)
59. Grans de Trigo (46,51)
60. A casa encantada de Nazor
61. Agulla do demo



https://ghafos.blogspot.com/2019/05/lendas-galegas-6.html


















# LENDAS 5º



## A casa do medo de Lariño

Tamén chamada Casa de Gristina, pois ese era o nome da última muller que viviu nela.

Naquela casa viviu a señora Gristina cos seus fillos e o marido, despois, cando o marido morreu e os fillos marcharon polo mundo, ela quedou soa.

Cando ela morreu os fillos volveron e na casa atoparon un papel que puña que estaba amolada porque a deixaron soa pero ainda así deixaballes que viviran na casa pero prohibíalles que a venderan.

Ainda así os fillos a venderon, e os que a mercaron sentían cousas extrañas: oían gritos, as portas pechábanse soas...

Quixeron devolver a casa e pedíronlle a os fillos de Gristina que lles devolveran os cartos. Mais estes non os crían, entón entraron na casa e...

!Lles pasou o mesmo! E así foi como a casa de Gristina permaneceu pechada pola sua maldición. Por certo, nunca se volveron a ver aos fillos de Gristina

Marcos



## DEMO ASUBIADOR

Esta é unha lenda de Pontevedra. Onde o río dos Gafos se nomea río da Estación, en Figueirido, acostuma pasear un trasno traveso, o demo asubiador.

Este demo cada ano, no Aninovo, escolle ó parvo da aldea, e adícase a asubiar no oído da súa vítima. A vítima pasa o ano escoitando campás e sen saber onde. Cumprido o prazo o demo elixe outra vítima.

Segundo din, isto leva acontecendo dende que as orellas penduran da cachola.

Oceana Villar Fortes



## A COVA DO REI CENTOLO

Conta a lenda que o rei Centolo vivía nun luxoso castelo e tiña unha filla, namorada dun conde, co que ía a casar.

Pero un feiticeiro do lugar, namorado da princesa e cegado pola ira lanzou un feitizo sobre o castelo, que o soterrou nas profundidades da terra.

Ainda agora a princesa agarda baixo terra, a que o seu amado cabaleiro acuda a rescatala e a devolver a vida.

Mateo Gabriel



## A Lenda dos Grans de trigo

Existe unha lenda que di que hai moito tempo existiu un rei que era moi bo. Unha vez, loitando contra o reino inimigo, perdeu ao seu fillo nunha batalla, polo que se puxo moi triste e illouse no seu castelo revivindo unha e outra vez a batalla onde morreu o seu fillo, recreándoa de moitas formas e en ningunha podía salvar ao seu fillo e ao seu pobo e reino, ao mesmo tempo.

Un mozo que sabía a dor que sentía o rei pediu unha entrevista con el, logo de moitos intentos logrou que lla concedesen. O mozo amosou ao rei o xogo de xadrez e ensinoulle a súa similitude cunha batalla real. O rei que amaba os plans de guerra non tardou moito en entender o xogo. O mozo tamén lle ensinou como era de importante sacrificar algunhas pezas para lograr o obxectivo (ensinándolle o sacrificio que o príncipe fixera para o reino). Este comprendeu o erro da morte do seu fillo, e díxolle que tería unha recompensa. O mozo pediulle: pola primeira casa do taboleiro 1 gran de trigo, pola segunda 2, pola terceira 4, pola cuarta 8... O rei deulle a súa recompensa e agregou que era un pedido moi pouco digno da súa xenerosidade.

Así foi como o rei aprendeu outra lección de ser prudente, e díxolle ao mozo que traballase no castelo coma un dos seus asesores...

# LENDAS 6º



## Lenda da illa de Ons

Conta a lenda que un mariñeiro procedente de Arousa que estaba de servizo militar en África escoitou falar a dous mouros de tesouros...

Ao acercarse ao mouro contoulles que na Illa de Ons había unha fonte con caracois de ouro. Xa de volta á casa, o mariñeiro acercouse á illa mentres pescaba, e sorprendido encontrou a fonte. Volveu á súa casa cos bolsillos repletos de caracois de ouro.

Laura 6ºA



## "Lenda do Meco do Grove"

No Grove, onde o Meco tiña os seus dominios, exercía o seu despotismo, onde foi xulgado, en fin, onde este mito ten a súa historia.

Conta a lenda que o Meco era un cura non galego, déspota, que dominaba todo o pobo e se atribuía do dereito da pernada(dormir coa noiva a noite anterior ao seu casamento). Viviu nunha época aló polo siglo XI a XVI, tempos nos que a bisbarra era crítica, debido a certos acontecementos determinantes, como a conversión dos dereitos do avolengo en forais, contendas sobre dereitos de dominio en pesca, as guerras irmandiñas, a peste, na que na ambiciosa costa dominante exercía un poder abusivo.

Un día, xogando unha das súas habituais partidas de cartas, perdeu cun mozo que era moi apreciado polos veciños. Sentíndose humillado por este feito, desafiou ao mozo dicíndolle:

- Alégrate hoxe, que eu alegrareime mañá coa túa muller.

Os veciños ao enterarse, sentíndose ofendidos, xa de tantos abusos, decidiron ir por el e o colgaron no monte da Siradella.

Chegando despois a xustiza preguntaron:

- Quen matou o Meco?
- Matámolo todos!.

Carmen Naveiro Álvarez 6ºB





## O FERREIRO DE CASTRELOS

Un ferreiro de castrelos, aferrado ao seu traballo deixou pasar a xouventude sen fixarse en ningunha muller, pero como o destino é caprichoso dispuxo a sua obstinación por unha xa en idade avanzada.

A pesar de obsequiar á xoven cunha gran xoia, nada puido obter o seu rexeitamento, decidíndose entón por secuestrala.

A moza moi relixiosa, pediulle ao ferreiro poder asistir a misa todolos días e este, ao ver ca igrexa estaba frente á ferrería, aceptou.

Pero un día, unha meiga se lle apareceu ao ferreiro e lle dixo que pronto morrería e a sua xoven muller atoparía un xoven home co que casaría.

O ferreiro cegado pola ira colleu un ferro ardente co fin de transfigurar o rostro da xoven que se atopaba na igrexa orando.

Pero Deus interpúxose e protexéndoa tapiou a porta sur da igrexa cunha parede de pedra que hoxe en día consérvase.

Marta de la Torre 6ºC



## A MARUXAINA

Diante da enseada e do cabo de San Cibrao, áchanse uns illotes coñecidos polo nome de <<Farrallóns>>. Neles mora unha serea que chaman <<A Maruxaina>>. Refírese que, cando hai mal tempo no mar, a Maruxaina sae dos farallóns e chama os navegadores. Non existe acordo verbo a bondade ou maldade da serea, xa que enfrontan dúas versións, a que afirma que o ser mitolóxico sae para avisar aos mariñeiros do mal tempo, e a que dá por certo que o fai, como na tradición clásica da viaxe de Ulises (Homero: 1992, 226), para engaiolalos e conducilos á perda.

Hai algúns anos, o pobo de San Cibrao recuperou a tradición e confeccionou unha serea que porta longos cabelos loiros e unha gran rocha. O segundo sábado do mes de agosto, pola noite, á efixie da Maruxaina tráena dende os farallóns nos que fica todo o ano até a praia de San Cibrao. Alí sometese a un xuízo popular do que fica absolta, voltando aos illotes nos que ficará o resto do ano.

Sabela Míguez 6ºD




Alumnado de 6º participando no concurso de Maios que se celebrou na Praza da Ferraría de Pontevedra. Este ano acadamos o **3º Premio nas Cantigas e o 4º no Maio tradicional**. A Coroa que tivo moito éxito representa os farois da Ponte do Burgo que axiña desaparecerán pola nova reforma da ponte. A cantiga que lle fixemos foi a seguinte: “A coroa feiticeira/ ilumínase cos trilos/ é facho de Breogán / e farol dos peregrinos”

# Cantigas I

Somos da antiga estación
estamos postos no día
cantaruxamos ás musas
que aledan a Ferraría.

Ataviado e con afeites
este maio presentamos,
nesta praza con camelias
preta da dos  franciscanos.

Locen lindas as  laranxas
margaridas dos verxeis
coas calas e o fiúncho
os pampillos sonche fieis.

A coroa feiticeira
ilumínase cos trilos
é facho de Breogán
é farol dos peregrinos

Agroman da gorxa coplas
nesta riola bulideira
menestrel dos  nosos maios
cubillada rexoubeira.

O traballo foi  dabondo
o feitío é un pracer
o sorriso da gandaina
fixo da angueira lecer.

Principiamos  pola escola
viveiro de  ecoloxistas
temos plantas penduradas
con botellas costumistas.

Testos dunha  reciclaxe
terra para a plantación
estudamos os esgallos
gravou a televisión.

Realzamos a Camelia
nunha nova edición
unha flor oriúnda
transportada do Xapón

Sementamos en Salcedo
onde había eucaliptais
medran agora froiteiras
abrollan os  mananciais.

Na beira do río Gafos
medra o  horto viaxeiro
con leitugas e fabóns
e algún allo porreiro.

Para plantar os narcisos
xa temos  o pavillón
mana auga noite e día
cae do teito a cachón.

As obras doutra piscina
estamos a soportar
pois un patio de recreo
tivemos que abandonar.

Matinouse ir ó parque
a xogar no  tobogán
a brincar  entre os enredos
e sortear bostas de can.

A luz rutila nos tocos
corusca entre bambáns
o botánico do Gafos
vai camiño de San Xoán.

Temos  lixo rebulindo
dende o curso pasado
non repoñen papeleiras
loce o patio ben zafado.

Colectores hai na entrada
para orgánico e papel
o plástico omnipresente
buliga en  carrusel.

Se o Concello non acorda
sempre temos  Celulosas
compra todo en Pontevedra
e vende auga de rosas.

Con Greenpeace e os da Ría
os de ENCE están moscando
cae a bolsa e a concesión
prórroga de contrabando.

O "Ghafos" campa co  ENIL
e non é falsificado
agora tamén  prestaba
velo limpo e destapado.

Canta o cuco en galego
canta o Negro Caravel
como ficho a Sabela
cos beizos cheos de mel.

Da nosa administración
queren sacarnos a fala
éche cousa de caciques
querela embalsamada.

O luceiro natalicio
fixo as beiras  na cidade
o de Vigo fachendoso
refulxiu na inmensidade.

Con "The Guardian" o goberno
atinxiu  o paraíso
a remolque nas noticias
a galega fuxiu  diso.

Venres negros e censura
son minuta cada día
moita pose nas ruadas
venden coa  fotografía.

Xuntáronse os Gladiadores
no país do Paternón
Pontevedra está na Ruta
de Atenas por tesón.

No entroido o Ravachol
retornou o seu  estrado
imos ter que protexelo
cun pastor galvanizado.

Coa ITU multideporte
fai magosto a hostalaría
xa petaron  fai un mes
a douscentos por un día.

Teremos á Panorama
e tamén a "Doutor Queen"
a cultura e o deporte
van facer o San Fermín.

Ás  catro pitas e ó  galo
soldaron no formigón
teñen medo que o raposo
sexa un fero chapón.








# O Maio na escola








Trouxemos ovos, laranxas, pampillos, rosas, calas e moito fiúncho. Tamén estanpamos na camiseta dos maios o debuxo gañador feito polas irmáns **Marta e Sofía** de la T. R., de 6º. Rematamos pintando o patio cunha morea de flores para logo cantar todos algunhas das coplas que fixemos este ano.

# Cantigas II

Esmoucan a sanidade
venden logo o Provincial
máis recortes menos camas,
a privada non vai mal.

Na Europa e no Xapón
estudan a reciclaxe
Pontevedra no planeta
quere boa maridaxe.

Polo cheiro ambiental
destaca o de SOGAMA
o banco máis fedorento
está facendo campaña.

Levar pinza no nariz
propoñen os do lugar
xunto ó lixo está GESUSA
cos efluvios do seu lar.

Poderíamos competir
nunha liga de país
nós temos preto da ría
arrecendos flor de lis.

Xa marcharon para Navia
moitos "centos de millóns"
xa se anuncia o apocalipse
as pragas e maldicións.

Na troca da concesión
toda a ría está en risco
bateas e conserveiras
xa tremen polo marisco.

Ameazan con chantaxes
pagan prensa e colchóns
compran media Pontevedra
rexeitan as mediacións.

Con ENCE o que se quere
e cambiala de lugar
controlar o eucalipto
e na ría mariscar.

Non gustan da autovía
os de Hifas e Marcón
teñen lazos amarelos
entre Bora e Viascón.



Ó chegar a Pontevedra
o primeiro que se ve
son os lombos do Concello
que te fan estremecer.

Os que teñen unha hernia
cando van en autobús
evocan o santuario
vense eivados na cruz.

As colmeas na Galiza
languidecen decontado
hai niños de velutina
sen sacar do ano pasado.

Busca Lores voluntarios
houbo alerta en Campolongo
o Concello di que a Xunta
non quere baixar o lombo.

Nos casos de anafilaxe
pregarase a Santo Antón
refusando o problema
entre administracións.

Xa pasou co Marisquiño
e co Alvia en Compostela
e co aciago “Once Eme”
tamén se prende candela.

No cadro de Castelao
fusilan a un galeguista
ser patriota da Galiza
era un acto terrorista.

As bandeiras e as cores
provocan alteracións
tricolor e amarelo
sarabullo e comechón.

Gostan moito da española
os da Praza de Colón
cotifan con bandeirolas
producindo conxestión.

Os obxectos semellantes
poden provocar loucura
deuse o caso en Madrid
coa cinta da eiruga.



Poden entrar as mulleres
no exército dun rei
no do alto vaticano
está prohibido por lei.

Que atrevido é o Papa
definindo o feminismo
vernizando os abusos
edulcora o machismo.

Cociña, igrexa e fillos
predica o patriarcado
o movemento feminista
está farto e cansado.

Como urna perigosa
é a muller que opina
referendo e igualdade
éche maldición divina.

Hai frases que fan historia
que soan como un canón
na do aborto de Suárez
non se atopa parangón.

Arrimou no paleolítico
e non foi de paseniño
sentenciou “cortar cabeza”
do meniño mal nacido.

Sustentan moitas familias
os cartos dos xubilados
nóminas de catrocentos
non olen nin os recados.

Puxéronse en pé de guerra
fixeron concentracións
amarráronse de brazos
non se xoga coas pensión.

Os de Arco este ano
non tiveron o mal fado
cando merquen a Felipe
o chamusco vai mirralo.

Hai propostas argalleiras
para ósos de xeneral
espallar polas Bermudas,
estercar na capital.



# Cantigas III

Ó chegar as eleccións
despéchase o hostiario
o que bateu en Rajoy
sacou outra do mostrario.

Reclaman abandeirados
reconquista e rebelión
queren os toros e a caza
e a muller nas procesións.

Gostan moito das pistolas
e do traxe militar
anuncian como proposta
escopetas no fogar.

O cento cincuenta e cinco
é como o vello rosario
prégase todos os días
recunca como un canario.

As cloacas do estado
son vergoña popular
cos "pinchos" do Villarejo
pode un alucinar.

No proceso catalán
vese algunha escaramuza
testemuñas e xuristas
no medio dunha chapuza.

Sentimento e autoestima
queren criminalizar
mártires e desconfianza
e o que están a fabricar.

Estalou nunha entrevista
o ministro de exteriores
el quería que as preguntas
viñeran con outras flores.

